

VI MARATÓN POR MONTAÑA A CAMELIA



5 de febreiro de 2022

Subida ó
Pico Sacro 3,2 k / +385
*Gran Premio Galitiming

6 de febreiro de 2022

Trail 14 k / +370
Andaina 14 k / +370
Maratón 42 k / +1900

○ 15 de decembro abrimos inscricións!
<https://clubvertice.es/a-camelia/>

A CAMELIA

Colaboran:



+Suárez



CLUB DE MONTAÑA

Trasariz de Abaixo, 15885 Vedra (A Couzúa) Telf.: +34 649 708 804 Email: cdmvertice@gmail.com



PROTOCOLO COVID-19 PROBAS DEPORTIVAS DO MARATÓN DO VI MARATÓN POR MONTAÑA A CAMELIA

PROBAS: TRAIL E ANDAINA 14 K

6 de febreiro de 2022. Vedra (A Coruña)

Pola seguridade dos corredores/as e a organización da carreira, CDM Vértice abre o protocolo Covid-19, baixo a referencia do [CxM PROTOCOLO ADESTRAMENTO COMPETICION 2021.pdf](#) accesible na páxina web oficial da Federación Galega de Montañismo (FGM). En todo momento será obrigatorio levar máscara cando a distancia con outras persoas é inferior a 1,5 metros. É importante ademais pedir responsabilidade individual aos participantes e a organización de cumprir sempre coas medidas propostas a continuación.

1. Táboa de valoración

A táboa de valoración cos datos da proba para darlle a consideración do nivel de risco: baixo, medio, alto.

Risco alto	Risco medio	Risco baixo
		Baixa porcentaxe de participantes doutras áreas con maior incidencia (a maioría dos participantes son de Galicia).
		Baixa porcentaxe de participantes.
		Non se realizan actividades de alto risco durante o evento.
	Aínda que se establecen medidas para disuadir a asistencia de público e que non se van definir espazos para público, dada a lonxitude dos tramos e de que se desenvolve en vía pública, pode haber zonas nas que haxa persoas de pe na vía pública (beirarrúas, camiños, etc..)."	Ausencia de áreas habilitadas para público.
	Número moderado de lugares onde non se poida manter a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros.	


		Non hai venda nin consumo de alcohol.
Evento de longa duración (>2 horas).		

2. Saída

A saída terá lugar no exterior do pavillón de deportes municipal de Vedra. Realizarase en primeiro lugar a saída do trail e, a continuación, a da andaina.

1. No dorsal de cada participante aparecerá marcada a hora á que debe tomar a saída.
2. As saídas faranse en grupos, con 1 minuto de separación entre grupos. O número de participantes en cada grupo virá determinado pola normativa vixente no momento de celebración da carreira, seguindo en todo caso o marcado polo [protocolo CxM da Federación Galega de Montañismo](#), que na páxina 11 sinala que:
 - a. **Saída da carreira.** Os e as deportistas mantéñense a distancias curtas durante un espazo de tempo breve preparados para a saída.
 - i. **Os deportistas** son convocados para a saída nun espazo amplo que permita manter distancias entre corredores/as próximas as distancias de seguridade. Estableceranse liñas de saída.
 - ii. **Os deportistas** convocaranse nun espazo de tempo o máis breve posible para evitar que estean todos xuntos.
 - iii. **As posicións de saída** atenderán a posición dos deportistas na clasificación xeral, estando en cabeza de saída os que teñan a mellor posición na clasificación xeral.
3. A zona de saída estará distribuída da seguinte maneira:
 - a. **Zona de chamadas:** tódolos/as corredores/as e participantes na andaina deberán presentarse nesta coa máscara posta e outra de repostado. Tamén deberán levar colocado o dorsal de maneira visible para a comprobación.

- b. **Zona de verificación:** volverase a comprobar a correspondencia entre o participante e o número de dorsal que porta. Tamén se procederá a revisar o material obrigatorio requirido segundo a proba.
- c. **Zona de presaída:** nesta atoparanse só aqueles/as persoas que procederán a tomar a saída, logo da orde do xuíz.
- d. **Zona de saída:** as persoas participantes atoparán unha plataforma na que aparecerán marcadas no chan cunha “x” as posicións de cada persoa. En ningún momento se poderá modificar dita posición asignada polos xuíces.



A 300 metros da liña de saída, situarase un cartel de “fin de tramo obrigatorio de máscara”. A partir dese momento o uso da máscara é opcional.

3. Avituallamentos

Antes de chegar ás zonas de avituallamento, os e as deportistas atoparán un cartel coa lenda “Avituallamento a 100 metros. Uso obrigatorio da máscara”. A máscara será obrigatoria ata o fin da zona de avituallamento, onde haberá un cartel co texto “fin de tramo obrigatorio de máscara”.

Non haberá asistencia persoal. Seguindo o regulamento, a carreira está estipulada como semi-autónoma.

A organización disporá de un avituallamento de sólido e líquido ndo percorrido, máis un avituallamento final en meta. O procedemento dentro da zona de avituallamento será o seguinte:

1. Responsabilidade individual e máscara posta.
2. Xel hidroalcohólico a disposición da organización e dos/das deportistas.
3. Cada corredor/a levará o seu vaso ou recipiente para líquidos.
4. Un membro da organización preguntará ó/á deportista qué precisa.
5. Dito membro da organización entregarlle os líquidos e/ou sólidos indicados. Non se produce contacto co deportista nin co vaso, o membro da organización abre a billa ou ben emprega unha xerra para que o deportista poida coller auga ou isotónico. No caso dos sólidos, entréganselle en man.
6. Se o precisan, os e as deportistas desfaranse dos refugallos nas papeleiras.
7. Ningún corredor/a tocará os recipientes de líquidos nin de sólidos. Haberá un membro da organización lembrando non tocarse nin tocar o mobiliario da organización.

4. Meta

Unha vez chegado a meta será obrigatorio poñer a máscara. Un membro da organización indicarlle ós/as deportistas os pasos a seguir en meta:

1. Na primeira zona, a persoa participante deixará o chip no lugar habilitado.
2. Na segunda zona, a organización entregará o avituallamento final a cada participante.